

The page features a decorative graphic on the right side consisting of three overlapping circles in shades of blue, arranged vertically. Two thin blue lines intersect at the top left and extend diagonally across the page, framing the circles and the text area.

# **PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

**C.E.I.P. PLURILINGÜE PONTE DO PORTO  
(Camariñas)**

**Departamento de Orientación  
CURSO 2022-2023**



## ÍNDICE:

- 1.-Xustificación baseada no contexto
- 2.-Identificación e valoración das necesidades
- 3.-Obxectivos
- 4.-Actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade
- 5.- Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación deseñadas para o centro
- 6.-Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro
- 7.-Protocolo para solicitude das medidas e atención á diversidade
- 8.-Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición
- 9.-Liñas de colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ó centro
- 10.-Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan
- 11.- Marco Lexislativo
- 12.- Anexos:
  - Anexo 1: Demanda de Intervención do D.O.
  - Anexo 2: Información do proceso de Valoración Psicopedagóxica.
  - Anexo 3: Autorización da familia para intercambiar información cos servizos externos que atenden ao alumno/a.
  - Anexo 4: Autorización da familia para aplicar medidas extraordinarias de atención á diversidade.
  - Anexo 5: Renuncia da familia á medida extraordinaria de atención á diversidade de apoio por parte da PT e/ou a AL
  - Anexo 6: Alta do apoio por parte da especialista en AL e/ou PT
  - Anexo 7: Acta de aprobación de medidas extraordinarias de atención á diversidade: adaptación curricular.
  - Anexo 8: Índice do expediente de adaptación curricular
  - Anexo 9: Plantilla adaptación curricular D105/2014
  - Anexo 10: Informe Individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo (RE)
  - Anexo 11: Informe individual final de curso sobre as medidas de apoio educativo
  - Anexo 12: Protocolo de demanda de intervención do Dep. de Orientación





## 1.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

O noso centro educativo está situado na localidade de Ponte do Porto, pertencente ao concello de Camariñas, na provincia de A Coruña. Camariñas é un concello costeiro, encravado na Costa da Morte (Terra de Soneira), con máis de 5000 habitantes. En Ponte do Porto hai censados uns 770 habitantes. Este concello está estreitamente ligada á actividade no mar. A pesca e o marisqueo son a principal fonte de riqueza na zona. Tamén a agricultura e a gandería son sectores económicos importantes no concello, así como a artesanía, concretamente o encaixe de Camariñas, recoñecido mundialmente. A historia recente da poboación está ligada a un fluxo de migración cara países europeos como Suíza e Alemania, así como á volta de moitas familias nos últimos anos. Tamén cada vez é maior o número de habitantes estranxeiros que se instalan no concello procedentes de países como Marrocos, Brasil, Senegal, etc.

No artigo 72 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o D229/2011, do 7 de Decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a L.O. 2/2006, do 3 de maio, de Educación: *“O Plan Xeral de atención á diversidade representa o deseño e a organización dun centro docente, dentro da súa autonomía e segundo as súas características, para atender, considerando os principios de equidade e inclusión, a totalidade do seu alumnado.”*

Partimos do convencemento de que nas nosas aulas non hai un “alumnado tipo”, nin hai que planificar e explicar para a media da clase; cada vez está máis claro que cada alumno/a é único/a e diverso/a, polo tanto, así debe ser considerado á hora de poñer en marcha o proceso de ensino-aprendizaxe máis adecuado para cada un/unha.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade ten como finalidade planificar as medidas educativas que faciliten unha resposta ás necesidades que presenta o alumnado escolarizado no noso centro e, en especial, aquel con necesidades específicas de apoio educativo. Entendemos a atención á diversidade como unha necesidade que abarca tódalas etapas educativas e a todo o alumnado. É dicir, trata de considerar á diversidade do alumnado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos. Desde esta perspectiva, entenderemos as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas ás que poden atribuírse: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais, etc.

O Plan Xeral de atención á Diversidade é unha ferramenta orientada a ofrecer ao conxunto do alumnado a axuda pedagóxica que necesite, personalizando a intervención educativa. Polo





tanto, non consiste só en atender ás diferenzas individuais do alumnado senón, tamén, poñer en xogo todos os elementos organizativos (materiais, espazos, agrupamentos, horarios, infraestrutura, coordinación docente, estratexias, etc.) en aras de fomentar as máximas potencialidades de cada alumno/a, con independencia das súas características previas. A resposta educativa ofrecida debe ter en conta as múltiples variables ambientais e non centrarse unicamente nas dificultades do alumno. É responsabilidade de todo o profesorado e demais sectores da comunidade educativa. Pretende que os cambios metodolóxicos e organizativos beneficien a todo o alumnado e non so tente satisfacer as necesidades do alumnado con dificultades.

O centro de educación infantil e primaria plurilingüe Ponte do Porto, é un colexio de liña 1, con 9 aulas en total, 3 onde se imparten o 2º ciclo de educación infantil, e 6 de primaria. No presente curso académico 2022/23 hai 157 alumnos/as matriculados/as en ambas etapas. O total de profesionais que atenden ao alumnado é de 18: 16 mestres/as no claustro máis 2 AL itinerantes.

## 2.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES:

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións: avaliación inicial ó inicio do curso, sesións trimestrais de avaliación e avaliación psicopedagóxica se fose preciso. A partires dos resultados obtidos tómanse as decisións de atención máis axeitadas.

Segundo o artigo 6 da Orde 8/2021, o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (n.e.a.e.) é aquel que require dunha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopáronse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Ao inicio de cada curso académico, e co fin de realizar un Plan Anual de Atención á Diversidade máis concreto, levarase a cabo unha valoración inicial da situación tendo en conta os seguintes aspectos:

- As peculiaridades do centro e as características do alumnado matriculado, especialmente os de nova matriculación.
- Os documentos do centro como a Programación Xeral Anual (PXA) e o Proxecto Educativo (PE).





- A previsión das n.e.a.e. do curso anterior a nivel de alumnado, centro e contexto.
- A revisión de informes de cursos anteriores e de expedientes do alumnado.
- A información compartida nas reunións co equipo docente.
- A reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Reunións de inicio de curso do Departamento de Orientación.
- As reunións cos centros educativos adscritos.
- Reunións coas familias.
- Informes médicos existentes.
- Os resultados das avaliacións iniciais levadas a cabo polos titores.

Se os titores e/ou mestres especialistas detectaran, na avaliación inicial, dificultades ou necesidades no alumnado seguirá o procedemento seguinte: cumprimentará o documento de *solicitud de valoración e/ou intervención do departamento de orientación (Anexo 1)*, que entregará ao/á xefe/a do departamento. A partir da información aportada, o/a orientador/a do centro revisará as medidas que se estean levando a cabo e asesorará no deseño das posibles medidas de reforzo encamiñadas a solucionar as necesidades detectadas. Tal e como establece a lexislación, serán medidas de atención ordinarias as inicialmente establecidas, e non se recorrerá ás medidas extraordinarias ata esgotalas ordinarias. Se o/a orientador/a considerase necesario levar a cabo unha avaliación psicopedagóxica máis completa do/a alumno/a, procederase a informar á familia e á xefatura de estudos do centro antes de comezar o proceso.

A avaliación psicopedagóxica estará encamiñada a articular as medidas pedagóxicas oportunas. Resultado da mesma será o informe psicopedagóxico, no que, entre outras, se recollerán as medidas de atención para dito alumno/a, así como se establecerán as necesidades específicas de apoio educativo e os recursos e medidas de carácter extraordinario, indicando si son temporais ou permanentes. Estas decisións poden ser relativas á proposta curricular, á modificacións no contexto educativo, á provisión de axudas persoais, materiais e modalidade de apoio e, por último, á colaboración coa familia e servizos externos.

No caso de novas incorporacións, se fora alumnado con N.E.E. recoñecidas, a familia deberá aportar a documentación médica que así o acredite ao equipo directivo. Trasladarase a información a Inspección e solicitarase un ditame de escolarización ao Equipo de Orientación Específico. Adxuntarase a dita petición un informe dende o departamento de orientación.





### 3.- OBXECTIVOS:

- Desenvolver unha educación non discriminatoria que compense as dificultades do alumnado e respecte as diferenzas individuais relacionadas con distintas capacidades, intereses ou orixe socioeconómico e cultural, desenvolvendo ao máximo os principios de inclusión, normalización e individualización dos procesos de ensino- aprendizaxe.
- Posibilitar o acceso ao currículo para todo o alumnado.
- Deseñar respostas educativas para o alumnado que presente N.E.A.E.
- Aproveitar adecuadamente os recursos humanos dos que se dispón no centro.
- Establecer uns criterios pedagóxicos que orienten as medidas a adoptar co alumnado con N.E.A.E.
- Servir de referente criterial para que o centro poida concretar anualmente o axuste das respostas educativas adecuadas a cada alumno e contexto.
- Servir de instrumento que facilite ao centro, unha vez valoradas as necesidades educativas da diversidade do alumnado, planificar e organizar os apoios e priorizar os recursos persoais de que se dispón, para responder con efectividade á situación.
- Fomentar a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Fomentar a coordinación con institucións ou organismos externos ao Centro.
- Prever unha planificación que permita introducir cambios ante novas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso, con medidas organizativas flexibles que conduzan á necesaria readaptación das intervencións do profesorado ordinario e dos especialistas cos que conta o centro ao comezo de curso, para adecuarse, no seu caso, á atención das novas necesidades educativas.
- Desenvolver procesos de atención á diversidade que axuden ao alumnado a conseguir, como mínimo, os obxectivos propostos para o final de cada etapa, ofrecendo actividades e estratexias que favorezan a súa aprendizaxe e evolución.
- Acoller, axudar e facilitar a integración do novo alumnado e as súas familias a través do Plan de acollida.
- Fomentar a participación de todo o equipo docente na elaboración e aplicación do Plan de Atención á Diversidade.
- Garantir a actuación coordinada de tódalas persoas implicadas na atención á diversidade: familia, alumno/a, profesorado, tutores/as, orientadora e equipo directivo.
- Favorecer a formación do profesorado na atención á diversidade.





#### 4.- ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

O artigo 41 da Orde do 8 de setembro de 2021 especifica que *“De conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.”*

##### 4.1.MEDIDAS ORDINARIAS:

Son as actuacións e programas dirixidos a previr, compensar e facilitar a superación de dificultades leves mediante a adecuación do currículo ordinario, sen alterar ningún dos seus elementos esenciais, co fin de que a totalidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos xerais de curso, etapa e/ou nivel. Seguindo a Orde 8/2021, as medidas de carácter ordinario serían as seguintes:

1. Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado
2. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión
3. Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno
4. Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación
5. Aulas de atención educativa e convivencia
6. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
7. Programas de enriquecemento curricular
8. Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso
9. Programas de habilidades e competencias sociais

##### 4.1.1.-ORGANIZATIVAS:

- ✓ Aproveitarao máximo os recursos materiais e humanos dispoñibles, así como unha adecuada organización dos mesmos.
- ✓ Organizar e optimizar o uso dos espazos, a distribución dos tempos, así como os recursos humanos e materiais de tal xeito que se posibilite a posta en marcha das medidas recollidas no Plan de Atención á Diversidade do centro.
- ✓ Uso pedagóxico dos espazos.





- ✓ Organizar contornas de aprendizaxe na aula que permitan traballar cooperativa e individualmente.
- ✓ Organizar na aula ambientes de aprendizaxe, creando novos escenarios que permitan e favorezan a aprendizaxe; distribuindo a aula de xeito que fomente as interaccións e que permita traballar en equipo; favorecendo métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo.
- ✓ Organizar na aula estacións, dividindo a clase en grupos segundo a ratio de cada clase. O titor/a organiza os grupos e programa as distintas tarefas que se van a desenvolver na sesión. O xeito de traballar é similar aos grupos interactivos con rotación do alumnado, de forma que, ao rematar a sesión, todo o mundo pasou polas distintas mesas e realizou a tarefa de cada unha.
- ✓ Organizar o traballo por recantos de enriquecemento na aula: proposta de ambientes de aprendizaxe onde se modifica o ambiente da aula para transformalo en ambiente de aprendizaxe.
- ✓ Organizar na aula centros de aprendizaxe: zona dentro da aula deseñada para ensinar ou reforzar un concepto ou habilidade concreta. Pode destinarse a unha materia en concreto.
- ✓ Organizar centros de interese que motiven aos alumnos/as a enriquecer os coñecementos e inclúan materiais de profundización.
- ✓ Organizar a distribución dos tempos tendo en conta que esta distribución se realiza en función das necesidades do alumnado e que esta suxeita a modificacións permanentemente. De feito os horarios refanse ao longo do curso cando cómpre.
- ✓ Coordinar a actuación dos diferentes profesionais. Facilitar, desde a organización do centro, a coordinación necesaria entre os profesionais que interveñen co alumnado.
- ✓ Organizar as medidas de apoio: Terá unha atención especializada o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas, por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por manifestar graves trastornos da personalidade ou de conduta.
- ✓ Definir as funcións e responsabilidades dos diferentes profesionais.
- ✓ Clarificar o modelo de intervención.
- ✓ Definir e establecer criterios xerais para determinar que nenos/as han de recibir apoio, así como cando e de que tipo.
- ✓ Retirar os apoios de xeito gradual a medida que aumenta a autonomía e se van solventando as dificultades.
- ✓ Modificar a contorna para eliminar as posibles barreiras.







- ✓ Organizar os grupos adecuando a composición e o número de alumnos e alumnas as súas características e necesidades.
- ✓ Organizar grupos de reforzo. Contemplan a posibilidade de organizar actividades de reforzo na elaboración dos horarios do profesorado e na distribución inicial dos agrupamentos. (apoios, desdobres...).
- ✓ Organizar grupos de aprendizaxe co fin de reforzar as áreas instrumentais nas que o alumnado non acade o nivel de desenvolvemento previsto.
- ✓ Organizar grupos específicos de aprendizaxe das linguas para aqueles alumnos/as que descoñezan as linguas da nosa comunidade. Apoios intensivos en ensinanza do idioma para alumnado estranxeiro.
- ✓ Organizar actividades de recuperación co fin de facilitar ao alumnado a recuperación de áreas, ou materias non superados en cursos anteriores. A tal efecto, inclúiranse na planificación do curso as medidas organizativas oportunas.
- ✓ Organización de programas individuais e grupais: programas de habilidades sociais, de técnicas de estudo, de estimulación, de enriquecemento cognitivo, de axuste da personalidade, de resolución de conflitos ou outros para compensar carencias asociadas a necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- ✓ Reducir o número de profesorado que atende a alumnos e alumnas ou a grupos con características específicas. Cando as características dun alumno/a ou dun grupo de alumnos/as o requira, procurarase que o equipo docente que lle atende estea composto polo menor número posible de profesorado distinto.
- ✓ Realizar un seguimento individualizado daqueles alumnos e alumnas cuxa situación académica, persoal ou social así o aconselle.
- ✓ Revisar o nivel de participación dos pais/nais así como a relación coa comunidade educativa en xeral.

#### **4.1.2.-CURRICULARES E METODOLÓXICAS:**

- \* Adaptar os procesos de ensinanza ao estilo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- \* Adecuar obxectivos. Esta adecuación poderá establecerse, entre outras, das seguintes formas:
  - Priorizar obxectivos e seleccionar os contidos mínimos propios do ciclo.
  - Variar a temporalización dos mesmos.
  - Incluír obxectivos relativos a aspectos que o alumno considere relevantes ou que, en todo caso, sexan relevantes no entorno ao que pertence o alumnado.
  - Acompañar os obxectivos de pautas e rúbricas que lles axuden a ser conscientes da súa aprendizaxe.





- Vincular os obxectivos de cada área, materia, ámbito ou módulo coas capacidades de nivel e de etapa. Clarificar a contribución de cada área, materia, ámbito ou módulo á consecución dos obxectivos xerais de nivel e de etapa.
- Enriquecer o currículo das áreas con referencias e achegas de diferentes culturas.
- \* Organizar os contidos en ámbitos integradores. Cando as características do alumnado ou dos grupos o requira, se poderán organizar os contidos das diferentes áreas, materias ou módulos en ámbitos de coñecemento de carácter integrador.
- \* Distinguir entre os contidos que se consideran fundamentais e os que teñen un carácter complementario. De forma que os contidos básicos sexan os mínimos para todo o grupo e, polo tanto, neles se centrará o traballo con aquel alumnado que presente determinadas dificultades de aprendizaxe, mentres os de carácter complementario irán destinados a aquel alumnado sen dificultades para o aprendizaxe ou para aquel outro que está especialmente dotado.
- \* Enriquecemento: banco de recursos con actividades que supoñan un reto para o alumno/a nas áreas que amose maior capacidade e rendemento.
- \* Preparar actividades complementarias, de ampliación ou afondamento, dirixidas a aquel alumnado menos necesitado de axuda, ou que resolve as tarefas comúns con maior rapidez. Este bloque de actividades centrarase sobre os contidos que non se consideran fundamentais para o desenvolvemento das capacidades básicas.
- \* Ampliación. Medidas de profundización e enriquecemento. Actividades de enriquecemento encamiñadas ao desenvolvemento do traballo autónomo, da madurez e autonomía persoais, así como de actitudes positivas cara a investigación como forma de aprendizaxe.
- \* Afianzar os contidos do ciclo anterior.
- \* Utilizar estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado e a autonomía na aprendizaxe, entre outras: aprendizaxe cooperativo, tutoría entre iguais, desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.
- \* Utilizar metodoloxías inductivas que propicien que o propio alumno/a constrúa o coñecemento: aprendizaxe baseado en proxectos, aprendizaxe baseado en resolución de problemas, aprendizaxe baseado en retos.
- \* Traballar de forma sistemática e planificada o pensamento crítico facéndoo visible desenvolvendo a meta-cognición.
- \* Incluír actividades para a meta-aprendizaxe (rutinas de pensamento).
- \* Utilizar auto-instrucións ou plans cognitivos; que pasos hai que seguir para elaborar as tarefas e/ou actividades semellantes.





- \* Proporcionar múltiples formas de implicación. Utilizar diferentes estratexias para motivar ao alumnado.
- \* Presentar a información ao alumnado mediante soportes variados e en formatos distintos, por exemplo textos audiovisuais e non so escritos.
- \* Ofrecer a información por todos os sentidos con claves visuais, táctiles e/ou auditivas.
- \* Ofrecer opcións de ampliación do tamaño da letra.
- \* Adaptar textos a lectura fácil.
- \* Ofrecer apoios para a comprensión de textos (glosario).
- \* Seleccionar e utilizar materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e aproveitando a súa potencialidade motivadora.
- \* Adaptar materiais didácticos.
- \* Permitir o uso de diversos materiais de apoio.
- \* Empregar recursos didácticos variados de xeito que un mesmo contido se presente a través de recursos diferentes.
- \* Facilitar correctores ortográficos, gramaticais e software de predición de palabras.
- \* Facilitar o uso da calculadora cando o obxectivo non sexa realizar operacións.
- \* Motivar ao alumnado propoñendo retos, actividades baseadas nos seus intereses, deixándolles escoller, utilizando propostas metodolóxicas como a gamificación, cambiando a estrutura ou organización da aula, evitando facer sempre o mesmo.
- \* Partir do ritmo de traballo do alumno/a.
- \* Posibilidade de prever que nun momento determinado coexistan na aula distintas formas de agrupamento, que aborden tamén tarefas diferentes, de xeito que cada alumno/a, en función das súas necesidades, o seu ritmo de aprendizaxe ou as súas preferencias, se integre nun ou noutro.
- \* Diseñar actividades multi-nivel.
- \* Ofrecer actividades apropiadas a cada idade e/ou capacidade, contextualizadas e socialmente relevantes.
- \* Combinar diferentes tipos de actividades: traballo individual, exposición, busca de información, traballo en grupo e outras.
- \* Programar varias actividades para tratar cada un dos contidos fundamentais, graduando a súa dificultade en función das posibles dificultades de aprendizaxe que podan presentarse e planeándoas de forma que permitan traballar un mesmo contido con niveles de esixencia diferentes.
- \* Propor actividades que poñan en xogo distintas estratexias de aprendizaxe. traballo autónomo, actividades dirixidas...





- \* Graduar sempre as tarefas, de menor a maior complexidade.
- \* Dividir as tarefas en obxectivos a curto prazo.
- \* Programar tarefas de menor duración.
- \* Dar instrucións simples e claras que poidan acompañarse de listas de cotexo, que lles axuden a estruturar e executar a tarefa.
- \* Empregar ferramentas de xestión do tempo, reloxos de area, aplicacións informáticas...
- \* Promover no alumno/a a motivación e a reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe.
- \* Garantir que todo o alumnado vai poder participar nunha avaliación a través da cal sexan capaces de demostrar a aprendizaxe realizada.
- \* Priorizar estándares de aprendizaxe nos que o alumno amose unha especial fortaleza.
- \* Incorporar accións de revisión do aprendido, listas de comprobación, etc.
- \* Diversificar os procedementos de avaliación. Adecuar tempos, criterios e procedementos.
- \* Variar os tempos, as formas e os procedementos de recollida de información
- \* Unificar criterios e procedementos na recollida de información
- \* Rexistrar sistematicamente a evolución do alumnado.
- \* Diversificar os tipos de probas en función da alumna ou alumno ao que se dirixe.
- \* Avaliar de xeito prioritario os contidos fundamentais.
- \* Ser flexibles cos tempos de execución e resposta.
- \* Proporcionar múltiples medios de representación.
- \* Proporcionar ao alumnado diferentes posibilidades para expresar o que saben.
- \* Ofrecer diferentes posibilidades, non so a linguaxe escrita, para permitir ao alumnado expresar o que sabe.
- \* Incluír diferentes estratexias de auto-avaliación: listas de control, rúbricas, etc.
- \* Valorar, en todas as actividades, as distintas aproximacións que ao mesmo contido faga cada alumno e que responden aos seus diferentes puntos de partida e, en definitiva, as súas diferentes posibilidades.
- \* Insistir no desenvolvemento das capacidades de tipo afectivo, fomentando a seguridade e a autoestima do alumnado.

#### **4.1.3.-DE COORDINACIÓN:**

- ✓ Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, incidindo nos seguintes aspectos: o seguimento individual e grupal do alumnado, o desenvolvemento integral do alumnado, a colaboración periódica coas familias, a coordinación do conxunto do profesorado de cada grupo, co fin de facer un seguimento de casos e colaborar en determinadas intervencións cando así se requira.





- ✓ Proposta e desenvolvemento de Plans de Orientación Académica, que inclúan actuacións de diverso tipo: informativas, preparatorias para a incorporación ao novo centro e outras.
- ✓ Reunións periódicas do profesorado que intervén cun determinado alumno/a ou grupo para facilitar a coordinación das actuacións.
- ✓ Intervención doutros profesionais: procurárase realizar unha intervención coordinada entre os auxiliares educadores, fisioterapeutas e outros profesionais contribúa á consecución de obxectivos educativos, sempre coa autorización da familia para compartir información con centros privados que atendan a determinado alumnado e cos que sexa recomendable a coordinación e o intercambio de información.

#### 4.2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

Seguindo a O8/2021, defínense como *“todas as medidas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.”* Para a súa aplicación será necesario contar coa autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. Considéranse medidas extraordinarias as seguintes:

1. Adaptacións curriculares.
2. Agrupamentos flexibles.
3. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
4. Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil e educación primaria
5. Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente: atención educativa domiciliaria e/ou atención educativa hospitalaria.
6. Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela
7. Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar
8. Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes
9. Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro
10. Grupos de adquisición das linguas





## 11. Grupos de adaptación da competencia curricular

As máis frecuentes no noso centro son as seguintes:

- **Adaptacións curriculares**: seguirán o establecido na Orde do 8 de decembro de 2021. Consisten na modificación de un ou máis elementos prescritivos do currículo, para dar unha resposta máis axeitada ás necesidades educativas do alumnado, tanto por dificultades de aprendizaxe como polas súas altas capacidades. A decisión de levar a cabo unha adaptación do currículo será consensuada polo equipo docente tendo en conta a opinión de xefatura de estudos e orientación. O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do mestre/a da materia a adaptar. Deben estar esgotadas tódalas medidas ordinarias antes de levar a cabo unha medida extraordinaria como esta. A dirección trasladará o documento á Inspección Educativa que debe autorizala posteriormente. Este proceso levarase a cabo preferiblemente ó longo do 1º trimestre, tratando de entregala antes do 30 de novembro. Debe ser reflectido nas actas de avaliación como ACS. Serán revisables a lo menos trimestralmente e modificadas cando se considere preciso.
- **Apoio PT e AL**: A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. As súas funcións principais son:
  - Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
  - Prestar atención docente directa ao alumnado indicado segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.
  - Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.





- Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.
- Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente.

O apoio do profesorado especialista en audición e linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala. A atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea. Da atención excepcional fóra da aula á que se refire o parágrafo anterior, exclúense as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Neste caso, esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.

Os/as especialistas elaborarán un programa de intervención para cada un/unha dos alumnos/as que atenden. Estes programas de intervención deberán considerar, cando menos: as competencias adquiridas e as necesidades educativas que presentan a alumna ou o alumno, que deben constar no informe psicopedagóxico; o currículo de referencia da alumna ou do alumno; o enfoque metodolóxico do profesorado de apoio en relación co que aplica o profesorado da área ou da materia na que o alumnado recibe o apoio; a coordinación co profesorado titor e co profesorado da área ou da materia en que o alumnado recibe o apoio; o seguimento e a avaliación do programa, que incluírá indicadores de avaliación. Ao finalizar o curso académico elaborarán unha memoria na que se incluírá: cantidade de alumnado ao que apoiou ao longo do curso, con indicación da ensinanza e do nivel educativo; valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas ou das materias nas que realizou as intervencións de apoio; valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado; previsións para o curso seguinte e propostas de





mellora, de ser o caso. A memoria entregaráselle á xefatura do departamento de orientación para a incluír, como anexo, na memoria anual dese departamento.

- **Flexibilización de curso:** Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde ao servizo de orientación.
- **Repetición de curso:** Cando un determinado alumno/a repita curso debe contar cun Plan Específico de Reforzo e Recuperación da ou das materia/s non superadas.

#### 4.3.- OUTRAS MEDIDAS DO CENTRO:

No CEIP Ponte do Porto contamos outros programas de atención á diversidade como os seguintes:

- ❖ **Contratos –Programa:** INCLÚE, CONVIVE-T
- ❖ **Programa ALERTA ESCOLAR:** posto en marcha pola Consellería de Educación en colaboración coa Fundación 061. Ten como obxectivo a atención inmediata e eficiente do alumnado que presente unha patoloxía crónica e pode presentar en calquera momento unha crise. Este programa posibilita a asistencia deste alumnado e que o profesorado teña cobertura de persoal médico que conte con coñecementos dos nenos/as dados de alta no programa.
- ❖ **Programa RETO:** programa de educación emocional destinado a nenos/as de 0 a 16 anos. Con tres pezas angulares básicas: o respecto, a empatía e a tolerancia. A través de distintas actividades desenvólvese a conciencia emocional do alumnado creando espazos e dedicando tempos nos que poidan aprender a identificar, expresar e xestionar as súas emocións de forma positiva. É un programa que implica a comunidade educativa completa, o cal favorece os resultados exitosos do mesmo.

No presente curso académico 2022/23, o centro participará nos proxectos:

- Contrato-Programa INCLÚE: Convive-T
- Plan Proxecta para Educación Primaria: DAFIS E PVAD
- Plan Proxecta para Educación Infantil: Mobilidade Sostible e Segura
- Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos.

Ademais solicitaremos a concesión de axudas para a administración de froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao Fondo de Garantía Agraria (FOGGA).







## 5.-CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DESEÑADA PARA O CENTRO:

O criterio xeral adoptado é proporcionar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos a cada etapa educativa. A valoración da orientadora do centro sempre debe preceder á intervención do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Ter en conta que é nunha medida extraordinaria, polo que deben esgotarse previamente medidas máis normalizadoras. A familia do alumnado susceptible de reforzo será informada previamente das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden acadar. É recomendable ter a autorización asinada dos proxenitores.

O alumnado cun desfase curricular notable que comece a presentar serias dificultades para a aprendizaxe, poderá recibir apoio estable de PT e/ou AL. Os apoios levaranse a cabo en sesión que non afecten ás áreas das especialidades. Os apoios fóra da aula nunca excederán no tempo a terceira parte da xornada lectiva. Establecerase unha boa coordinación entre todos os profesionais implicados na interacción co alumno/a concreto que presenta necesidades educativas.

A priorización de alumnado a atender e o tempo de atención a este, sempre que non se podan satisfacer todas as necesidades, rexerase polos seguintes criterios:

1. Alumnado con Necesidades Educativas Especiais derivadas de Discapacidade (visual, auditiva, intelectual, ou motora), Trastornos de Espectro Autista (TEA) e Trastornos Graves de Conduta.
2. Alumnado que manifeste un desfase curricular significativo e teña unha AC.
3. Outro alumnado con NEAE e informe psicopedagóxico que precise atención educativa.
4. Terán prioridade aqueles alumnos/as que xaviñeran recibindo esa atención, sempre e cando non aparezan casos con maior necesidade.
5. En xeral primaranse os cursos máis baixos para recibir atención educativa do profesorado de apoio.
6. En canto ao profesorado especialista de Audición e Linguaxe primarase a intervención temperá no ciclo de Educación Infantil e nos primeiros cursos de Primaria.
7. Cando existan moitas solicitudes para recibir apoio, priorizaranse atendendo a criterios pedagóxicos e evolutivos marcados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).





8. En Educación infantil só se apoiarán por parte da especialista en PT aqueles casos graves que contén cun informe do departamento de orientación que o aconselle.

A proposta de atención elaborada entre os especialistas e o/a orientador/a, será presentada ao equipo docente implicado para o seu coñecemento e consideración. De aquí debe xurdir a proposta definitiva de prestación do servizo de apoio.

## **6.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO:**

Atender á diversidade, non é só atender as diferenzas individuais do alumnado, senón tamén poñer en xogo tódolos elementos organizativos (materiais, espazos, agrupamentos, horarios, infraestrutura, coordinación docente, estratexias, etc.) en aras de cubrir as necesidades educativas especiais ou non especiais que presenten.

En canto ós recursos organizativos e debido o número de profesionais que interveñen na educación do alumnado con n.e.a.e. tanto do propio centro, como de servizos externos ó mesmo debe establecerse unha adecuada coordinación nas súas intervencións que recolla estes aspectos, tal e como se recolle nos diferentes documentos do centro.

Polo tanto, para facilitar a colaboración entre profesionais terase en conta os proxectos educativos e curriculares de etapa onde reflectiranse os criterios de carácter organizativo e pedagóxico establecidos para a atención do alumnado con n.e.a.e. Estableceranse acordos coa Consellería de Educación. Tamén estableceranse reunións periódicas cos servizos externos como o Servizo de Atención Temperá e os Servizos Sociais do Concello que atenden ao alumnado do centro, para intercambiar información sobre a súa evolución.

Debemos ter presente que a integración de nenos/as con n.e.a.e. obriga a importantes modificacións na organización escolar e na distribución dos espazos de aprendizaxe que se farán máis flexibles; obrigando tamén a un incremento dos profesorados de apoio nas aulas, á revisión dos procedementos de avaliación e promoción, o establecemento de axudas para o profesorado e os sistema educativo en xeral, así como unha profunda renovación inicial e permanente na formación do profesorado e no uso de recursos.





## 7.- PROTOCOLO PARA SOLICITUDE DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Intervención do D.O.	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ O titor/a detecta necesidades educativas no alumno/a e non consegue darlle resposta no ámbito das súas funcións.</li><li>▪ Demanda a colaboración á orientadora, que revisará as medidas que se estean levando a cabo e asesorará no deseño doutras posibles medidas de reforzo.</li><li>▪ Tentarase dar resposta dentro das medidas ordinarias. Se se consegue, péchase o ciclo.</li><li>▪ Se non se consegue, o titor/a realizará unha demanda de intervención por escrito á XDO.</li><li>▪ Co coñecemento firmado da familia, inicia a recollida de datos e, se fose preciso, a valoración psicopedagóxica do alumno/a.</li><li>▪ En función dos resultados:<ul style="list-style-type: none"><li>-Informe psicopedagóxico</li><li>-Adopción de medidas ordinarias e/ou extraordinarias.</li><li>-Pautas de intervención na aula e/ou centro en xeral.</li></ul></li></ul>
Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Solicitud de apoio por parte do profesorado á XDO.</li><li>▪ Tras valoración, proposta de apoio do DO. Ter en conta que para que un alumno/a teña apoio dos especialistas debe ter un informe psicopedagóxico.</li><li>▪ Información á XE.</li><li>▪ Autorización da familia para aplicar a medida extraordinaria.</li></ul>
Adaptación Curricular	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Como norma xeral, cando un mestre/a propón unha adaptación curricular para un alumno/a, xa deberían estar esgotadas as medidas ordinarias e algunhas extraordinarias como o reforzo educativo, a repetición de curso... así como feita unha valoración psicopedagóxica por parte do DO.</li><li>▪ Reunión coordinada polo XE para decidir a pertinencia da AC. Obrigatorio levantar acta da mesma.</li><li>▪ Información á familia e autorización firmada da mesma para levar a cabo a medida, aínda que non é de obrigada aceptación por parte da mesma.</li><li>▪ Elaboración do expediente da AC por parte do DO.</li><li>▪ Elaboración da AC por parte dos mestres das áreas a adaptar. Contará coa axuda dos especialistas que den apoio ao alumno/a e tamén co asesoramento da XDO se a precisara.</li><li>▪ A dirección do centro enviará a AC a Inspección solicitando a súa autorización. Preferentemente antes do 30 de Novembro.</li><li>▪ Se hai revisión de obxectivos ao longo do curso, deberá enviarse de novo á Inspección solicitando nova autorización dos cambios.</li></ul>
Repetición de curso	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Seguindo Orde 8/2021, só se pode plantexar repetición de curso ó rematar os ciclos, é dicir, en 2º, 4º e 6º.</li><li>▪ Revisión dos obxectivos mínimos e do non cumprimento dos mesmos en cada unha das áreas.</li><li>▪ Reunión do equipo docente para valorar a conveniencia desta medida excepcional. Co asesoramento da XE e da XDO.</li><li>▪ Información ás familias da decisión final.</li><li>▪ Elaborar Plan de Recuperación e Reforzo nas materias que están suspensas no próximo curso, en caso de non repetir.</li><li>▪ Elaborar un Programa de reforzo individualizado en caso de repetir curso académico.</li></ul>





<p>Flexibilización da duración do período de escolarización</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O alumnado que presenta n.e.e. ten a posibilidade de flexibilizar un curso tanto na etapa infantil como na etapa de primaria, sen exceder a idade mínima e máxima estimada na Lei.</li> <li>▪ Proposta ao equipo directivo, por parte do titor/a, do equipo docente e/ou da XDO.</li> <li>▪ O DO elaborará un informe que xustifique a necesidade de aplicar unha medida extraordinaria de atención á diversidade como esta.</li> <li>▪ É preciso ter a conformidade expresa da familia e un informe psicopedagóxico actualizado.</li> <li>▪ Solicitude á Dirección Xeral da autorización ou non da flexibilización.</li> </ul>
<p>Atención educativa hospitalario e/ou domiciliaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O alumnado que permaneza hospitalizado ou en domicilio por problemas de saúde nun período de media ou longa duración, terá dereito a solicitar esta atención educativa.</li> <li>▪ A familia solicitará á dirección do centro cun informe médico que xustifique a temporalidade da estancia domiciliaria e a conveniencia ou non de recibir atención educativa.</li> <li>▪ Tramitará informe o DO</li> <li>▪ Unha vez aprobada a atención educativa no domicilio e nomeado un mestre/a de apoio, coordinarase tanto co titor/a do alumno/a como coa XDO para levar a cabo o proceso seguindo os obxectivos plantexados. A avaliación farase tamén en colaboración co mesmo e cun informe onde se especifique o apoio levado a cabo.</li> </ul>

É importante ter en conta os protocolos da Xunta para levar a cabo a atención ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo.

## **8.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN**

O noso centro ten adscritos a Escola de Educación Infantil de Carnés, onde se cursa o segundo ciclo da etapa de infantil. Actualmente conta con 5 alumnos matriculados, 4 de 3 anos e 1 de 4 anos. 2 deles presentan n.e.a.e. O outro centro adscrito é o CEIP de Camelle, onde se cursa o segundo ciclo de educación infantil, con 9 alumnos/as no presente curso, e 1º e 2º de educación primaria, que conta con 7 alumnos actualmente. 3 deles cursan 2º de EP e incorporaranse ao noso centro no próximo curso en 3º de primaria.

Estes dous centros están representados no departamento de orientación que manterá reunións trimestrais para coordinar as actuacións precisas. Ademais, a orientadora realizará visitas con carácter bimensual aos centros adscritos para coñecer de primeira man a situación e dar resposta as posibles demandas de intervención que teñan lugar por parte dos titores dos centros.





Os mecanismos de coordinación internos serán:

- Reunións dos órganos de goberno.
- Reunións dos órganos colexiados.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións da Comisión Pedagóxica.
- Reunións dos Equipos Docentes.
- Reunións entre o profesorado dos distintos niveis.
- Reunións entre o profesionais que atenden os ACNEAE.
- Reunións entre o profesorado titor e a orientadora

## **9.- LIÑAS DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO**

A participación da comunidade educativa na atención á diversidade é fundamental para que esta se leve a cabo co éxito esperado. A coordinación coas familias do alumnado que presenta n.e.a.e. debe levarse a cabo dende as titorías e a xefatura do departamento de orientación. É fundamental que haxa un seguimento da evolución do alumnado, así como poder contar coa colaboración da familia na atención ás necesidades dende o fogar. Haberá reunións titoriais onde estarán presentes os especialistas que den apoio ao alumnado, para informar da súa evolución ás familias, sempre que estas o soliciten, ou como mínimo de maneira trimestral. Se a familia e/ou os titores o demandan, tamén a orientadora estará presente nestas reunións, sempre levantando acta das mesmas.

En canto a colaboración con outros servizos, dende o departamento manteranse reunións cos servizos de atención temperá e cos servizos sociais do concello que atendan ao alumnado do centro, para intercambiar información e coordinar actuacións. Así mesmo, e sempre que as familias o autoricen, haberá reunións de coordinación cos profesionais externos que den apoio educativo ao noso alumnado para poder coordinar as medidas de atención ás necesidades.

Tamén establecerase contacto co IES Pedra da Aguia (Vimianzo), adscrito ao centro para coordinar sesións informativas e visitas previas ao centro para aqueles alumnos que estean a





punto de transitar a etapa de educación secundaria, coa finalidade de facilitar o proceso de transición.

Outros organismos cos que cabe a posibilidade de colaboración segundo as necesidades que vaian xurdindo son: o Equipo de Orientación Específico, a Unidade de Acompañamento e Orientación persoal e familiar do alumnado educativamente vulnerable (UACO), o servizo de Protección de Menores, os servizos de pediatría do SERGAS, o centro de formación e recursos (CEFORE), institucións privadas como a ONCE, etc.

## 10.- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O Departamento de Orientación elabora o borrador do plan e o presenta á Comisión de Coordinación Pedagóxica. Esta remite as alegacións oportunas de cada ciclo. Elabora o documento proposta e o remite ao claustro de profesorado e ao Consello Escolar para ser sometido a votación.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro na concreción do Plan Anual de Atención á Diversidade. Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informa sobre as súas actuacións e, o que é máis importante, das previsións para o curso seguinte. Corresponde ao equipo directivo do centro o seguimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, sen embargo neste tema previsiblemente teranse moi en conta as achegas do Departamento de Orientación e da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

A revisión do plan realizarase a principios de curso, atendendo ás conclusións recollidas e obtidas na avaliación do curso pasado e ás circunstancias existentes nese momento. Ao longo do curso, o equipo directivo e o departamento de orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan e da programación para introducir os axustes necesarios.

- Seguimento a través das reunións do departamento de orientación.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso.
- Se as condicións do Centro se viran alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederíase a realizar as modificacións oportunas.





Os instrumentos para a recollida de datos serán: intercambios orais, escalas e cuestionarios e entrevistas, entre outros. Estes serán aplicados ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento (titores/as, profesorado).

Os criterios de avaliación para determinar a calidade do plan e programación da atención á diversidade son:

- Adecuación ás necesidades reais do centro.
- Logros acadados no referente aos obxectivos previstos.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Con estes datos, ao final de cada curso, o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria do PXAD establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á Memoria Anual do centro.

## 11.- MARCO LEGISLATIVO:

- LEY ORGÁNICA 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a L.O. 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
- DECRETO 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo d educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LO 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- ORDEN de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o D229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LO 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- DECRETO 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e os colexios de educación primaria.





- DECRETO 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- REAL DECRETO 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.
- LEI 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- CIRCULAR 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

### **PROTOCOLOS DA XUNTA:**

- ⇒ Protocolo para a intervención psicoeducativa da **dislexia** e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- ⇒ Protocolo para a atención educativa ao alumnado con **discapacidade auditiva**.
- ⇒ Protocolo para a atención educativa ao alumnado con **altas capacidades intelectuais**.
- ⇒ Protocolo para a atención educativa ao alumnado con **Síndrome de Down** e/ou discapacidade intelectual.
- ⇒ Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con **Trastorno do Espectro do Autismo** (TEA).







- ⇒ Protocolo de consenso sobre **TDH** na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- ⇒ Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Inter-institucional en **Atención Temperá**.
- ⇒ Protocolo para a prevención e o control do **absentismo escolar** en Galicia.
- ⇒ Protocolo de prevención, detección e intervención do **risco suicida** no ámbito educativo.
- ⇒ Protocolo educativo para garantir a **igualdade**, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- ⇒ Protocolo de **Protección de datos** persoais. Versión 2022.
- ⇒ Estratexia Galega de **Convivencia** Escolar 2025
- ⇒ Procedemento corrector de **condutas** contrarias ás normas de convivencia.
- ⇒ Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do **acoso escolar** e ciberacoso.
- ⇒ Protocolo de atención en **urxencias sanitarias** e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica
- ⇒ Addenda de atención ao alumnado con **Diabetes**.
- ⇒ Protocolo de prevención, detección e **atención educativa domiciliaria** no ámbito educativo.
- ⇒ Guía de actuación ante casos de **violencia de xénero** no ámbito educativo.

## 12.- ANEXOS:





**Anexo 1: DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

**ALUMNO/A:** .....**CURSO:**.....

**AUTOR/A DA DEMANDA:**.....

**RELACIÓN CO ALUMNO/A:**.....

**MOTIVO FUNDAMENTAL DA DEMANDA:**.....

.....

**CALES SON AS DIFICULTADES MÁIS IMPORTANTES QUE PRESENTA O/A ALUMNO/A NESTE MOMENTO?**

- A nivel COGNITIVO (razoamento, memoria, percepción, atención...) .....
- .....
- .....
- A nivel MOTRIZ (motricidade grosa e fina) .....
- .....
- .....
- A nivel de COMUNICACIÓN E LINGUAXE (comprensión, expresión, vocabulario, pronunciación, etc.) .....
- .....
- .....
- A nivel de ADAPTACIÓN SOCIAL(relacións, cumpre as normas, conduta, etc.) .....
- .....
- .....
- A nivel AFECTIVO (vese contento, gústalle a escola, sorrí, etc.) .....
- .....
- .....
- DIFICULTADES NAS SEGUINTES ÁREAS:
  - o LINGUA/S (redacción, lectura, expresión, comprensión...).....
  - .....
  - .....
  - o MATEMÁTICAS (numeración, operacións...).....
  - .....
  - .....
  - o OUTRAS ÁREAS:.....
  - .....
  - .....





COMO DEFINIRÍA O SEU ESTILO DE APRENDIZAXE:

.....  
.....

ACCIÓNS LEVADAS A CABO PARA CORRIXIR AS DIFICULTADES PRESENTADAS  
(organizativas, metodolóxicas, adaptación de materiais, reforzos,  
apoios.....)

.....  
.....  
.....

..

RELACIÓN DA FAMILIA CO CENTRO:.....

.....  
.....

OUTRAS OBSERVACIÓNS OU DATOS DE INTERESE: .....

.....  
.....  
.....  
.....

Ponte do Porto, a ..... de ..... de 202....

Asdo.: O/A titor/a:.....





**Anexo 2: INFORMACIÓN DO PROCESO DE VALORACIÓN PSICOPEDAGÓXICA**

Coa presente comunicámoslle que don/a ....., titor/a do/a alumno/a ....., do curso ....., fronte as dificultades escolares observadas neste alumno/a, considera conveniente solicitar a intervención e a valoración psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación do centro. Polo que precisarmos asine o seguinte documento no que se lle informa do inicio de dita valoración:

Eu, don/a....., como pai/nai/titor/a legal doume por informado/a e mostro o meu:

- Acordo coa valoración.
- Desacordo coa valoración.

Ó finalizar a valoración psicopedagóxica do/a neno/a, terán cumprida información así como dereito a solicitar unha copia do informe psicopedagóxico final.

Ponte do Porto, a ..... de ..... de 202....

Asdo:.....  
 O pai/nai ou titor/a legal

Asdo:.....  
 O/A Orientador/a





**Anexo 3: AUTORIZACIÓN DA FAMILIA PARA INTERCAMBIAR INFORMACIÓN  
COS SERVIZOS EXTERNOS QUE ATENDEN AO ALUMNO/A:**

D./Dna....., pai/nai/titor-a legal do/a  
alumno/a ....., escolarizado/a no CEIP  
Plurilingüe Ponte do Porto, no curso ..... da etapa de .....,

**AUTORIZO,**

ao equipo docente do/a meu/miña fillo/a e ó departamento de orientación a  
compartir información cos especialistas dos servizos externos ós que acode  
fóra do centro escolar.

En Ponte do Porto, a ..... de ..... de 202....

Pai/nai ou titor/a legal:

Asdo.: .....





## Anexo 4: AUTORIZACIÓN DA FAMILIA PARA APLICAR MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

D./Dña....., pai/nai/titor-a legal  
do/a alumno/a ..... , escolarizado/a no  
CEIP Plurilingüe Ponte do Porto, no curso ..... da etapa de .....

### AUTORIZO,

Ao centro educativo a aplicar a medida de atención á diversidade que  
consiste no apoio por parte da especialista en **Pedagogía terapéutica** e/ou  
en **Audición e Linguaxe**, con fin último de optimizar o se proceso de ensino-  
aprendizaxe solventando as dificultades detectadas.

En Ponte do Porto, a ..... de ..... de 202....

Pai/nai ou titor/a legal:

Asdo.: .....





**Anexo 5: RENUNCIA DA FAMILIA Á MEDIDA EXTRAORDINARIA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DE APOIO POR PARTE DA PT E/OU A AL**

D./Dna....., pai/nai/titor-a legal do/a alumno/a ..... escolarizado/a no CEIP Plurilingüe Ponte do Porto, no curso ..... da etapa de .....

**RENUNCIO,**

Á medida de atención á diversidade que da apoio por parte do/a especialista en PT e/ou AL no presente curso académico, polos seguintes motivos:

.....  
.....  
.....

En Ponte do Porto, a ..... de ..... de 202....

Pai/nai ou titor/a legal:

Asdo.: .....





## **Anexo 6: ALTA DO APOIO POR PARTE DA ESPECIALISTA EN AUDIÇÃO E LINGUAXE E/O EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA**

**ALUMNO:**

**CURSO:**

### **COA PRESENTE:**

Comunicámoslle, dende o departamento de orientación, que se estima oportuno dar de **ALTA** ao alumno/a arriba indicado/a, na medida extraordinaria de atención á diversidade que consiste no apoio por parte da especialista en Audición e Linguaxe e/ou en Pedagogía terapéutica que viña recibindo. Considéranse acadados os obxectivos plantexados ó inicio do mesmo, polo que a partir de agora non será preciso que reciba máis atención de este tipo.

Seguirase un proceso de valoración da súa evolución tomando as medidas oportunas en caso de necesidades futuras.

Ponte do Porto, a ..... de ..... de 202....

Vto. e prace da dirección:

Orientador/a:

Asdo.: .....

Asdo.: .....







## Anexo 7: ACTA DE APROBACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: ADAPTACIÓN CURRICULAR

O día ....., reunímonos ás .....h o equipo docente do curso ..... de educación primaria, xefatura de estudos, dirección e departamento de orientación do centro para decidir a conveniencia ou non de facer unha adaptación curricular para o/a alumno/a....., para o presente ano académico 202.../.....**Finalmente:**

- Acórdase facer unha adaptación curricular nas materias:..... tomando como referencia o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na comunidade Autónoma de Galicia.
- Acórdase **NON** facer unha adaptación curricular e tomar outras medidas como:  
.....  
.....  
.....

### **PROFESIONAIS IMPLICADOS:**

CARGO	NOME E APELIDOS	SINATURA
<b>Director/a:</b>		
<b>Xefe/a de estudos:</b>		
<b>Orientador/a:</b>		
<b>Especialista en P.T.:</b>		
<b>Especialista en A.L.:</b>		
<b>Titor/a:</b>		
<b>Especialista en INGLÉS:</b>		
<b>Especialista en E. FÍSICA:</b>		
<b>Especialista en E. ARTÍSTICA:</b>		

Ponte do Porto, a ..... de ..... de 202.....





## **Anexo 8: ÍNDICE DO EXPEDIENTE DE ADAPTACIÓN CURRICULAR**

1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO OU DA ALUMNA
2. DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE
  - 2.1. CARACTERÍSTICAS DO DESENVOLVEMENTO
  - 2.2. DATOS MÉDICOS RELEVANTES
3. DATOS PSICOSOCIAIS MÁIS RELEVANTES
  - 3.1. DESENVOLVEMENTO COGNITIVO
  - 3.2. TRAZOS DA PERSONALIDADE
  - 3.3. INTERESES MANIFESTADOS
  - 3.4. NIVEL DE ADAPTACIÓN PERSOAL E INTERACCIÓN SOCIAL
4. DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR
  - 4.1. ESTRUTURA FAMILIAR
  - 4.2. LINGUA HABITUAL DA FAMILIA
  - 4.3. CARACTERÍSTICAS DA DINÁMICA FAMILIAR
  - 4.4. EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE A ALUMNA OU O ALUMNO
  - 4.5. PAUTAS EDUCATIVAS, VALORES E NORMAS NO SEO FAMILIAR
  - 4.6. RELACIÓN E COOPERACIÓN CO CENTRO EDUCATIVO
5. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR
  - 5.1. FORMA ORGANIZATIVA DO CENTRO
  - 5.2. FORMA ORGANIZATIVA DA AULA
  - 5.3. COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS SERVIZOS EDUCATIVOS
6. DATOS PEDAGÓXICOS
  - 6.1. ASPECTOS RELEVANTES DA ESCOLARIZACIÓN
  - 6.2. CURRÍCULO DE REFERENCIA
  - 6.3. COMPETENCIAS XA ADQUIRIDAS RESPECTO DO CURRÍCULO DE REFERENCIA EN CADA UNHA DAS ÁREAS OU MATERIAS
  - 6.4. NECESIDADES EDUCATIVAS RESPECTO DAS CAPACIDADES (CRITERIOS DE AVALIACIÓN) ESTABLECIDAS NO CURRÍCULO DE REFERENCIA
  - 6.5. PREFERENCIA DE APRENDIZAXE
  - 6.6. ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE
  - 6.7. GRAO DE MOTIVACIÓN E INTERESES EDUCATIVOS
  - 6.8. PERTINENCIA DE REALIZAR UNHA ADAPTACIÓN CURRICULAR E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICADAS
  - 6.9. PERÍODO DE TEMPO PARA O QUE SE PROPÓN A ADAPTACIÓN CURRICULAR
  - 6.10. ÁREAS OU MATERIAS PARA ADAPTAR
  - 6.11. RECURSOS PARA EMPREGAR
  - 6.12. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA ADAPTACIÓN CURRICULAR
  - 6.13. CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN
  - 6.14. DE SER O CASO, CRITERIOS PARA A TITULACIÓN
7. ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA E OPINIÓN DESTA
8. PERSOAS PROFESIONAIS PARTICIPANTES
  - 8.1. DIRECCIÓN
  - 8.2. XEFATURA DE ESTUDOS
  - 8.3. PROFESORADO TITOR
  - 8.4. PROFESORADO DAS ÁREAS OU MATERIAS ADAPTADAS
  - 8.5. PROFESORADO DE APOIO
  - 8.6. XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
  - 8.7. OUTRAS PERSOAS PROFESIONAIS
9. PROPOSTA CONCRETA DAS ÁREAS OU MATERIAS ADAPTADAS (CURRÍCULO ADAPTADO)





## **Anexo 9: PLANTILLA ADAPTACIÓN CURRICULAR D105/2014**

<b>Adaptación curricular da área ou materia de</b>	<b>Etapa: PRIMARIA</b>	<b>Nivel:</b>
<b>ALUMNO/A:</b>		

<b>BLOQUE:1.</b>					
<b>CURRÍCULO DE REFERENCIA</b> (Decreto 105/2014, do 4 de setembro)		<b>CURRÍCULO ADAPTADO</b>			
Criterios de avaliación: (1)	(2)	Contidos	Criterio de avaliación (3)	Estándares de aprendizaxe	C. Clave

<b>Competencias adquiridas:</b>
<b>CURRÍCULO DE REFERENCIA:</b> Decreto 105/2014 do 4 de setembro
<b>Orientación metodolóxica:</b> (precisar metodoloxía, espazos, recursos, temporalización...)
<b>Avaliación:</b>
Criterios de cualificación:
Instrumentos de avaliación:
Avaliación das competencias clave:

<sup>(1)</sup> Deben transcribirse os criterios de avaliación do decreto do currículo que corresponda. Cada criterio do currículo de referencia debe ter un correspondente no currículo adaptado, agás que se suprima.

<sup>(2)</sup> Indíquese a súa redución (R), ampliación (A) ou supresión (S).

<sup>(3)</sup> Debe manterse a mesma codificación dos criterios de avaliación que figuran nos decretos de currículo.

Asdo.: (Titor/a).....

Asdo.: (mestre/a das materias adaptadas).....

Asdo.: (Orientador/a).....

Vº e prace da dirección: .....





## **Anexo 10: INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO (RE)**

**DATOS DO/A ALUMNO/A:**

NOME E APELIDOS: ..... DATA DE NACEMENTO: .....  
NIVEL: ..... CICLO: ..... ETAPA: ..... CURSO ACADÉMICO: .....

Por cada área ou materia na que a/o alumna/o recibiu RE:

**ÁREA OU MATERIA:** .....

**NOME MESTRE/A:** .....

**DATOS DO R.E. RECIBIDO:**

DATA DE COMEZO: ..... DATA DE REMATE: .....

**DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS DESENVOLVIDAS:**

- a) Cal foi o motivo? .....
- b) En que consistían as medidas? (breve descripción) .....
- c) Con que frecuencia se presentaban? (temporalidade) .....
- d) Cando as realizaba o/a alumno/a? .....
- e) Quen lle axudaba? (Profesorado con dispoñibilidade horaria) .....
- f) Como se avaliaban? (corrixían) .....

**VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE:**

- Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
- Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

**PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE** (Indicar se se considera que esta alumna ou este alumno, no curso próximo, poden verse beneficiados ou non por unhas medidas regulares de reforzo educativo na área ou materia) .....

Ponte do Porto, a ..... de ..... de 202.....

Asdo.: (titor/a).....

Asdo.: (mestre/a da materia reforzada).....





## **Anexo 11: INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO EDUCATIVO.**

**DATOS DO/A ALUMNO/A:**

NOME E APELIDOS: ..... DATA DE NACEMENTO: .....  
NIVEL: ..... CICLO: ..... ETAPA: ..... CURSO ACADÉMICO: .....

Por cada mestre/a especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe:

**ESPECIALIDADE:** .....

**NOME MESTRE/A:** .....

**DATOS DAS MEDIDAS DE APOIO RECIBIDAS:**

ÁREA/S NA QUE RECIBIU APOIO:.....

DATA DE COMEZO: ..... DATA DE REMATE: .....

HORARIO SEMANAL E MODALIDADE DE APOIO REALIZADO (especificar día/s da semana, horario e modalidade, dentro da aula ordinaria e fóra dela): .....

**DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO:**

- g) Tipo de tarefas realizadas? .....
- h) Principais materiais empregados:.....
- i) Horario ou frecuencia de coordinación co profesorado da área: .....
- j) Horario ou frecuencia de coordinación co mestre/a titor/a .....
- k) Como se avaliaron as medidas de apoio?.....

**VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE:**

- Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
- Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

**PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE** (Indicar se se considera que este/a alumno/a, no curso próximo, poden verse beneficiados ou non por unhas medidas regulares de apoio educativo, en que materia, mediante que modalidade -dentro ou fóra da aula ou mixta- e número de horas semanais).....

Ponte do Porto, a ..... de ..... de 202.....

Asdo.: (mestre/a de apoio).....

Asdo.: (orientador/a).....





## Anexo 12.- PROTOCOLO DE DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO Dep. Orient.:

